

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

17891 *Real decreto 1544/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución que deben satisfacer os produtores de enerxía eléctrica.*

O Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, contén diversas modificacións da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e recolle un conxunto de medidas entre as que se encontra a obriga das instalacións de xeración de satisfacer unha peaxe polo uso das redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Así, establécense as modificacións necesarias nos artigos da Lei 54/1997, do 27 de novembro, en que se fai referencia ás peaxes polo uso das redes, para determinar os principios xerais para a aplicación das ditas peaxes á actividade de xeración. Entre estas modificacións encóntrase a inclusión dun segundo parágrafo no número 2 do artigo 17 da citada Lei 54/1997, do 27 de novembro, no cal se sinala que as peaxes que deberán satisfacer os produtores tanto de réxime ordinario como de réxime especial se regularán regulamentariamente, tendo en conta a enerxía vertida ás redes.

O crecemento das instalacións de produción de enerxía eléctrica, tanto de réxime ordinario como de réxime especial, xerou un incremento dos investimentos nas redes de transporte e distribución a que están conectadas para poder evacuar a enerxía que verten a estas. Este incremento de custo débese compensar co pagamento dunha peaxe de acceso adecuada.

Este real decreto dítase en cumprimento do establecido no citado precepto da Lei 54/1997, do 27 de novembro, e ten por obxecto regular os diferentes aspectos que se deben ter en conta para a implantación práctica dun mecanismo de facturación de peaxes á actividade de xeración.

Así, regúlanse os distintos aspectos que debe recoller o pagamento das peaxes de acceso que, conforme o establecido na Lei 54/1997, do 27 de novembro, deben satisfacer os xeradores ao transportista ou distribuidor a que están conectados, así como as condicións xerais do procedemento de facturación, medición e cobramento das peaxes de acceso.

Por outro lado, de conformidade coa Lei 54/1997, do 27 de novembro, a xestión do cobramento da facturación de peaxes de acceso á actividade de xeración presenta como elemento diferencial, respecto á facturación de peaxes de acceso aos consumidores de enerxía eléctrica, a imposibilidade de aplicar cortes á conexión á rede dos xeradores como medida disuasoria de eventuais faltas de pagamento dos importes facturados en concepto de peaxes de acceso que se apliquen á actividade de xeración.

Esta circunstancia, unida á obriga establecida no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento, de computar na declaración de ingresos procedentes de peaxes para efectos do procedemento de liquidación de custos regulados os importes facturados, con independencia do seu cobramento, foi tida en conta nesta norma, establecéndose un mecanismo que permita garantir o cobramento dos importes facturados aos xeradores reforzando o papel de control da Comisión Nacional de Enerxía neste procedemento.

De acordo co previsto na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía, quen para a elaboración do seu informe tomou en consideración as observacións e comentarios do Consello Consultivo

de Electricidade, a través do cal se cumpriu o trámite de audiencia ao sector e consultas ás comunidades autónomas.

Finalmente, o real decreto foi sometido a exame da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, na súa reunión do día 15 de setembro de 2011.

Esta regulación ten carácter de normativa básica e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente. A utilización dunha norma regulamentaria xustifícase polo establecido no Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, e polo propio contido da norma.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución que serán de aplicación aos produtores de enerxía eléctrica, de conformidade co previsto no artigo 17.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As peaxes de acceso que se regulan neste real decreto serán de obrigatoria aplicación aos produtores de enerxía eléctrica, tanto de réxime ordinario como de réxime especial, por cada unha das súas instalacións.

2. As peaxes de acceso que se regulan neste real decreto serán recadadas polas empresas transportistas e distribuidoras, que as porán á disposición do sistema de ingresos regulados.

Artigo 3. *Condicións xerais de aplicación da peaxe de acceso da actividade de xeración.*

1. Os produtores tanto de réxime ordinario como de réxime especial deberán realizar o pagamento da peaxe de acceso ás redes en cada punto de conexión, xa sexa directamente ou a través do seu representante, á empresa distribuidora ou transportista a que estea conectado, e adoptarán as medidas necesarias para facilitar o seu cobramento por parte dos suxeitos autorizados para isto. Esta obriga constitúe un requisito previo ao inicio da xeración de enerxía en fase de probas ou, se é o caso, de explotación comercial das novas instalacións.

Para as instalacións produtoras que estivesen vertendo á rede a súa produción con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, entenderase que existe en todo caso unha obriga de pagamento da peaxe de acceso por parte do seu titular ao titular da instalación de distribución ou transporte a que está conectada a instalación correspondente, de acordo cos parámetros técnicos que resulten do contrato técnico de acceso a que se refiren os artigos 58 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e 16 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

A representación dos suxeitos de xeración para efectos da aplicación das peaxes de acceso farase de maneira opcional de acordo co establecido na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. En caso de peche dunha instalación tomarase como data de finalización da obriga de pagamento a que se refire o número anterior a que se estableza na resolución de peche da instalación que cese na súa actividade. Para estes efectos, o xerador deberá comunicar o peche da instalación.

3. O período de pagamento da peaxe de acceso establécese en 20 días naturais desde a emisión da factura por parte da empresa transportista ou distribuidora. No caso de que o último día do período de pagamento sexa sábado ou festivo, este vencerá o primeiro día laborable que o siga. O titular da instalación de xeración e o titular da instalación de distribución ou transporte a que esta está conectada acordarán o mecanismo para facer efectivo o importe da facturación da peaxe de acceso.

4. En caso de que transcorra un mes desde que foi requirido fidedignamente polo transportista ou o distribuidor o pagamento sen que este se fixese, comezaranse a xerar xuros de demora, a teor do recollido no artigo 7.2 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

5. En caso de que o pagamento dos importes da facturación emitida polo transportista ou distribuidor non se fixese efectivo no prazo establecido no punto 3, o transportista ou distribuidor que corresponda especificará na súa declaración do mes $m+1$ á Comisión Nacional de Enerxía os importes impagados correspondentes á facturación do mes m , por cada un dos xeradores do réxime ordinario e do réxime especial a que facturou a peaxe de acceso da actividade de xeración, especificando para cada un deles a data en que se deberían ter feito efectivos os ditos importes. Non obstante, o transportista ou distribuidor na súa declaración para o procedemento de liquidacións regulado no Real decreto 2017/2007, do 26 de decembro, e nas súas normas de desenvolvemento, deberá reflectir o total dos importes facturados, con independencia da súa recadación e cobramento. Con esta información, a Comisión Nacional de Enerxía procederá na forma establecida no artigo 5 deste real decreto.

Artigo 4. Condicións xerais para a lectura, facturación e cobramento das peaxes de acceso que se apliquen á actividade de xeración.

1. As lecturas da enerxía que serven de base para a facturación de peaxes de acceso que se apliquen á actividade de xeración serán responsabilidade do encargado de lectura do tipo de medida que corresponda ao punto de conexión á rede de cada xerador, conforme o establecido no Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico.

2. O encargado de lectura deberá pór a lectura correspondente a un determinado mes m á disposición do transportista ou distribuidor que corresponda ao punto de conexión a que está conectado o xerador no mes seguinte $m+1$.

Así mesmo, deberá comunicar ao transportista ou distribuidor, se for o caso, as regularizacións ou revisións de medidas correspondentes a meses anteriores de acordo cos prazos e mecanismos que se establezan nos correspondentes procedementos de operación.

3. A facturación das peaxes de acceso que se apliquen á actividade de xeración será realizada polo transportista ou pola empresa distribuidora que corresponda ao punto de conexión das instalacións de réxime ordinario e réxime especial.

A factura será emitida a nome do titular da instalación de xeración. No caso de instalacións que optasen por realizar o pagamento da peaxe de acceso a través do seu representante, a remisión da factura a nome do produtor será realizada a través do representante, quen procederá ao pagamento dos importes que correspondan.

4. A facturación especificará as variables e os valores unitarios destas en vigor en cada momento, que serven de base para o cálculo do importe da peaxe de acceso que corresponda a cada xerador.

5. Con carácter xeral para as instalacións de xeración que correspondan a puntos de medida tipo 1 e 2 dos definidos no Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, o período de facturación das peaxes de acceso será mensual. Ás instalacións que correspondan a

puntos de medida tipo 3 e 5 realizaráselles unha facturación anual ao longo do primeiro mes do ano seguinte ao que corresponda a enerxía vertida.

6. A facturación relativa aos puntos de medida tipo 1 e 2 a que se refire o número anterior corresponderá aos rexistros horarios de xeración de cada instalación correspondentes ao mes natural inmediatamente anterior ao mes en que se realiza a facturación. No caso de puntos de medida tipo 3 e 5, os rexistros horarios corresponderán ao ano natural anterior ao mes en que se realiza a facturación.

O anterior entenderase sen prexuízo de que, se for o caso, a facturación recolla, así mesmo, regularizacións de facturacións de períodos anteriores por modificación da súa medida. Estas regularizacións deberanse especificar de maneira clara e separada nas facturas.

7. A enerxía que se debe considerar en cada período deberá coincidir coa facilitada polo encargado da lectura.

No caso de instalacións de coxeración considerárase como enerxía vertida á rede a enerxía con dereito a prima, segundo o establecido no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

8. A enerxía vertida á rede por novas instalacións de xeración durante o seu funcionamento en fase de probas estará así mesmo suxeita á facturación da peaxe de acceso á rede nos termos establecidos neste real decreto.

9. A Comisión Nacional de Enerxía poderá inspeccionar as facturacións correspondentes ás peaxes de acceso dos suxeitos a que resulta de aplicación este real decreto. A citada comisión remitirá os resultados das inspeccións realizadas á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, xunto coa acta correspondente en que se fagan constar os feitos observados.

En caso de que se detecten irregularidades nas facturacións inspeccionadas, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá sobre a súa procedencia e, se for o caso, determinará as contías que resulten de aplicar a normativa vixente, e dará traslado delas á Comisión Nacional de Enerxía para os efectos de que se incorporen nas liquidacións correspondentes.

O anterior entenderase sen prexuízo das sancións que poidan derivar de acordo co establecido no título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Artigo 5. Impagamento das peaxes de acceso que se apliquen á actividade de xeración.

1. Nos casos en que o pagamento dos importes da facturación emitida polo transportista ou un distribuidor non se fixese efectivo conforme o establecido no número 3 do artigo 3 deste real decreto, a Comisión Nacional de Enerxía procederá de acordo co seguinte:

a) En caso de impagamentos de xeradores, a Comisión Nacional de Enerxía notificará ao operador do sistema o importe do impagamento das instalacións de cada xerador, especificando a data en que o dito importe se debería ter feito efectivo.

b) O operador do sistema, na primeira liquidación posterior á recepción da notificación da Comisión Nacional de Enerxía, incluírá unha obriga de pagamento a cada instalación, polo importe do impagamento notificado pola citada comisión incrementado no montante dos xuros de demora que correspondan conforme o establecido no número 4 do artigo 3 deste real decreto.

c) Para efectos do cálculo dos citados xuros de demora, computárase como tempo de exixibilidade o que medie entre a data a que se refire o número 4 do artigo 3 deste real decreto e a data de peche da liquidación practicada polo operador do sistema que se establece nos correspondentes procedementos de operación.

d) Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, no caso de impagamentos de xeradores con dereito a prima ou, se for o caso, prima equivalente, incentivos e complementos, a Comisión Nacional de Enerxía suspenderá de maneira cautelara a súa

liquidación, ata que se proceda ao aboamento das peaxes de acceso e dos correspondentes xuros de demora.

A suspensión cautelar non dará lugar ao dereito á percepción de ningún xuro a favor do xerador.

e) Os importes detraídos polo operador do sistema conforme o establecido nos números anteriores serán transferidos a unha conta da Comisión Nacional de Enerxía aberta en réxime de depósito para tal efecto, e publicada na súa páxina web.

f) A Comisión Nacional de Enerxía dará as ordes de pagamento dos importes que correspondan a cada transportista ou distribuidor que teña a condición de acredor, no prazo máximo de 3 días hábiles desde que se realizaron os ingresos na citada conta.

2. Habilitase o secretario de Estado de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para establecer, mediante resolución que se publicará no Boletín Oficial del Estado, as condicións e os prazos para a realización dos procedementos a que se fai referencia neste artigo.

3. A Comisión Nacional de Enerxía poderá inspeccionar o correcto cumprimento das obrigas de pagamento das peaxes por parte dos suxeitos obrigados a isto. En calquera caso, a estes incumprimentos poderáselles aplicar o réxime sancionador establecido no título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Disposición adicional primeira. *Pagamento da peaxe de acceso exigible desde o día 1 de xaneiro de 2011.*

1. Para aquelas instalacións de xeración de réxime ordinario ou réxime especial que no momento de entrada en vigor deste real decreto estaban vertendo á rede, as condicións reguladas neste real decreto resultarán automaticamente de aplicación cando entre en vigor.

Para estes efectos, o distribuidor ou transportista que corresponda deberá realizar unha notificación no prazo máximo de 15 días naturais a partir da entrada en vigor deste real decreto aos titulares de cada instalación produtora, directamente ou a través do seu representante, comunicándolles a obriga de facer efectiva a peaxe de acordo co establecido no Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, desde a data de entrada en vigor deste real decreto ou, se for o caso, desde a data en que comecen a verter enerxía, se esta data é posterior.

Os suxeitos afectados deberán pór á disposición da distribuidora ou transportista, segundo corresponda, os datos necesarios para a facturación e cobramento, nun prazo de 15 días naturais desde a recepción directa ou a través do seu representante, da notificación mencionada. Ao incumprimento desta obriga poderáselle aplicar o réxime sancionador establecido no título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Unha vez coñecidos os datos pola distribuidora ou transportista, esta procederá á facturación e cobramento das peaxes de acordo co establecido neste real decreto.

2. A peaxe exixirase desde o 1 de xaneiro de 2011, en virtude do disposto no Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, para todas aquelas instalacións que na dita data estaban conectadas á rede.

Disposición adicional segunda. *Peaxes de acceso para instalacións de bombeo.*

A peaxe de acceso que deberán satisfacer as centrais de bombeo pola enerxía vertida á rede e a consumida calcularase de acordo co seguinte:

$$\text{Peaxebombeo} = \text{Peaxexeración} \times [\text{Ept} + (\text{Eb} * (1 - \rho))]$$

Onde:

PeaxeBombeo: peaxe, expresada en euros, que deberá satisfacer a central hidráulica de bombeo polo seu consumo e a súa produción de electricidade.

PeaxeXeración: peaxe unitaria en €/MWh, que deberán satisfacer os produtores de enerxía eléctrica.

Ept: enerxía producida total vertida á rede de distribución ou transporte.

Eb: enerxía consumida para bombeo de uso exclusivo para a produción eléctrica.

ρ : rendemento en tanto por un da instalación de bombeo, correspondendo a un valor de 0,7.

Disposición adicional terceira. *Peaxes de acceso para as instalacións de xeración de réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

Os ingresos recoñecidos ás instalacións de réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares incrementaranse no importe equivalente á aplicación das peaxes de acceso establecidas neste real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Mandato á Comisión Nacional de Enerxía.*

Para os efectos de que o Goberno poida establecer a metodoloxía de cálculo da peaxes para as instalacións de xeración, a teor do recollido no artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, a Comisión Nacional de Enerxía deberá elaborar unha proposta de metodoloxía de cálculo das peaxes de acceso de xeración, que deberá remitir ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Peaxes de acceso que se aplicarán á actividade de xeración.*

Ata que se desenvolva a metodoloxía e se establezan as peaxes de acceso de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o prezo da peaxe de xeración que se aplique será o establecido na disposición transitoria primeira do Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, que ascende a 0,5 €/MWh.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Derróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.*

Modifícase o anexo 1.2 do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento nos seguintes termos:

Un. No número 1.2 do anexo I modifícase a definición da variable Inr_i , que queda redactada da seguinte forma:

« Inr_i = ingresos netos facturados por peaxes ou tarifas de acceso a xeradores, distribuidores, consumidores directos en mercado e comercializadores, vendedores a outros países, exportadores e suxeitos non nacionais que realicen operacións de tránsito.»

Dous. No número 1.2 do anexo I modifícase a definición da variable Ir_i , que queda redactada da seguinte forma:

« I_r_i = facturación bruta en concepto de peaxes ou tarifa de acceso ás redes, así como outras facturacións derivadas da aplicación das cotas aplicables, todo isto para efectos da facturación a xeradores, consumidores directos en mercado e comercializadores. Aos suxeitos externos que accedan ás redes factúranselles as mesmas peaxes e os custos permanentes, todos eles establecidos na disposición que aprobe a tarifa para o ano correspondente.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.*

O Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, modifícase nos seguintes termos:

Un. O segundo parágrafo do artigo 13 queda redactado como segue:

«Sen prexuízo doutros que se poidan establecer, terán a consideración de servizos complementarios os de reserva de potencia adicional a subir, os de regulación, o control de tensión e a reposición do servizo.»

Dous. O número 1 do artigo 14 queda redactado como segue:

«1. Os mercados de servizos complementarios e de xestión de desvíos incluírán todos aqueles que, tendo carácter potestativo, presenten condicións para seren prestados en condicións de mercado.

Os titulares de instalacións habilitados para a prestación de servizos complementarios de carácter potestativo e de xestión de desvíos poderán realizar ofertas ao operador do sistema, facendo constar os conceptos, cantidades e prezos ofertados. As condicións particulares que deberán cumprir os provedores dos servizos complementarios de carácter potestativo definiranse nos correspondentes procedementos de operación do sistema.»

Tres. O número 4 do artigo 14 modifícase nos seguintes termos:

«4. Os mecanismos de imputación e retribución dos servizos complementarios e de xestión de desvíos serán establecidos mediante os correspondentes procedementos de operación. O custo dos servizos complementarios imputarase á enerxía consumida dentro do sistema eléctrico español e, se for o caso, sobre as unidades de venda, en proporción aos seus desvíos respecto a programa, de acordo co procedemento de operación correspondente.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.*

Modifícase o número 2 do artigo 1 do Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. Exceptúanse da aplicación deste real decreto as tarifas de acceso para os consumos propios das empresas eléctricas destinados ás súas actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica. Non se considerarán como consumos propios os das explotacións mineiras, aínda que sexan para o abastecemento de centrais termoeléctricas.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.*

No Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, introdúcense as seguintes modificacións:

Un. Modifícase o segundo parágrafo da disposición transitoria cuarta, que queda redactado como segue:

«As instalacións a que sexan de aplicación as obrigas previstas no artigo 18.d deste real decreto, excepto as instalacións individuais de potencia superior a 10 MW, disporán dun período transitorio ata o 31 de marzo de 2012 inclusive, durante o cal non lles será de aplicación a penalización establecida no quinto parágrafo do artigo 18.d.»

Dous. Modifícanse os parágrafos i e ii do número 1 da disposición transitoria quinta, que quedan redactados como segue:

- «i. para as instalacións fotovoltaicas con data de inscrición definitiva posterior ao 31 de decembro de 2011, desde a súa data de inscrición definitiva;
- ii. para as instalacións fotovoltaicas con data de inscrición definitiva anterior ao 1 de xaneiro de 2012, a partir do 31 de decembro de 2012.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións de desenvolvemento que resulten indispensables para asegurar a adecuada aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN